

UXÍO

NOVONEYRA

**Serra aberta
inmensa antiga herencia!**





**Terra mouro das montañas!
Boa terra que dá auga
e teus auga nas entrañas!**



**Esta tarde o aire é meu amigo.
Vounme sumindo sumindo.
Si o aire quer
Chegarein a non ser ninguén.**



**Fala a tarde baixiño
i o corazón sínteo...**





**Eu sein o que oio
no souto soio
e non sein
o que sein.**



**Canta o cuco cala e canta
dos castiñeiros do val.
Pasa o tempo e non di nada
e volta o cuco a cucar.**



**As noites i os días.
Os días e as noites.
E un xa non sabe
cando foi onte.**



Outos vales soutos e bouzas!
Hora en que todo é unha sola cousa!



Pasan pasan as nebras...

Eu sinto que me deixan e levan...





Cain as follas.

Sinto unha cousa
que se apousa en min e no me toca...

**Vai o camiñante co seu sono
enchendo o camiño longo.**



**A casa de pedra e cal vella
-solaina e ventanas prá serra-
feita fai cen anos á miña maneira.**







Ando a tocarlle as maos ós antepasados...




Eu i o aire da tarde somos o mesmo silencio.



**Verdega o mofo
que fía o pouso do tempo longo.**



**Tempo que encorga
onde un afonda e non afoga!**



Chove para que eu soñe...

Fontiña do Carabel
que dás xusto
o que un pode beber!



**O aire ten unha cousa
que se perde si un a conta.**



Poza en ondas!
Ollo o ollo
que olla
e non olla...





**Esta auga da presa
son eu ou é ela?**



De tanto calar xa falo eu solo.





O val solo.

Móvese o pouso do tempo longo.



E inda é nova a Terra!

Terra
sólo en ti me fundo:
é a certeza que trago.





Galicia

**Será a miña xeración quen te
salve?**

**Irei un día do
Courel a Compostela por
terras liberadas?**

**Non , a forza do noso amor
non pode ser inútil!**

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística IES ELVIÑA. A CORUÑA 2010

FOTOGAFÍAS: PABLO MENÉNDEZ